

## SUMARIO

- [1-4] NOVAS
- [2-3] IGAEM
- [3] Centro Dramático Galego
- [4] Escola de Altos Estudos Musicais
- [5-6] AXENDA DE ESPECTÁCULOS
- [7-8] ALERTA!
- [8] NOVIDADES EDITORIAIS
- [9] A REDE EN CIFRAS

## O IGAEM INICIA UN SERVIZO DE CONSULTORÍA LABORAL, FISCAL E CONTABLE PARA AS EMPRESAS ESCÉNICAS E MUSICAIS

OS PROFESIONAIS PODERÁN OBTENR SOLUCIÓN ÁS SÚAS DÚBIDAS DE XESTIÓN ECONÓMICA POR MEDIO DO ENDEREZO ELECTRÓNICO [asesoria.igaem@xunta.es](mailto:asesoria.igaem@xunta.es)

O Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) da Consellería de Cultura e Deporte vén de poñer a disposición das empresas escénicas e musicais un servizo de consultoría e apoio á xestión nos eidos laboral,

contable, económico-financeiro e mercantil, que ten como obxectivo o asesoramento ás empresas artísticas do sector como factor que contribúa ao reforzamento da súa posición no panorama cultural galego.

Este servizo de nova creación, que se prestará en colaboración coa sociedade cooperativa Algalia, consiste no asesoramento puntual e telemático sobre as necesidades legais derivadas das distintas áreas da xestión económica

[continúa na pantalla seguinte]

**e-scena** é unha publicación mensual de distribución electrónica.

Edita: Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM)

Contidos:

Área de Comunicación.

Supervisión lingüística:

Área de Publicacións

Deseño gráfico: Uqui / Cebra

Fotografías: Arquivo IGAEM

D.L.: C-826-06



## O IGAEM PRESENTARÁ AO SECTOR A NOVA CONVOCATORIA DE AXUDAS Á PRODUCCIÓN E DISTRIBUCIÓN

O xerente do IGAEM, Miguel Martín, ofrecerá o vindeiro 9 de maio na sede da Rúa da Vesada unha sesión informativa pública na que presentará aos profesionais do sector e demais interesados as claves da nova convocatoria anual de axudas para o teatro, a danza e a música que acaba de aprobar o Consello Reitor do organismo.

A convocatoria de axudas ascende a 1.520.000 €, que se destinarán á produción de montaxes teatrais e coreografías (785.000 €), á distribución (240.000), ás dotacións e investimentos da Rede Galega de Teatros e Auditorios (120.000), á programación de salas de teatro e artes escénicas (95.000), á actividade aso-

ciativa, universitaria e non profesional no ámbito das artes escénicas e musicais (220.000) e ó estudo e investigación no ámbito das artes escénicas e musicais (60.000). *Máis información na sección Alerta!* ■

## ASINADOS CON XERAIS E GALAXIA SENLLOS ACORDOS PARA A EDICIÓN DE NOVE TÍTULOS DRAMÁTICOS EN 2006

A conselleira de Cultura e Deporte, Ánxela Bugallo, asinou senllos convenios de colaboración cos directores de Editorial Galaxia, Víctor Fernández Freixanes, e Edición Xerais de Galicia, Manuel Bragado, para a coedición dun total de 9 novos títulos teatrais das coleccións Biblioteca Básica de Teatro (5 números) e Os Libros do Centro Dramático Galego

(4 números). A coedición destes volumes levarase a cabo a través do plano de publicacións do IGAEM para 2006, fin para o que o organismo alcanzará un total de 36.000 €. Os autores e títulos publicados son elixidos de xeito consensuado entre o IGAEM e as empresas editoras ■

## XAVIER CAMPOS INCORPÓRASE AO CADRO DE PERSOAL DO IGAEM

Xavier Campos, ata agora técnico de Lingua e Cultura no concello de Ribadeo, incorporouse ao cadro de persoal do IGAEM como xefe do Gabinete Técnico, praza que viña ocupando Mar Nogueira Sánchez, aínda que con destino no Centro de Documentación, quen cesou no seu cargo. Campos desenvolverá o seu labor nos servizos centrais do IGAEM e será o responsable –baixo a dependencia directa da Xerencia– do departamento de Fomento das Artes Escénicas e Musicais, que engloba as áreas de Actividades Externas, Publicacións e Comunicación.

Xavier Campos López é licenciado en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago e Posgrao en Xestión Cultural pola Universitat Oberta de Catalunya. Posúe unha traxectoria profesional centrada na normalización lingüística e na programación e xestión cultural ■

[vén da pantalla anterior]

que levan a cabo as compañías galegas dedicadas ao tipo de actividade artística que entra no ámbito competencial do IGAEM, tendo en conta os especiais condicionantes que inciden nos xeitos de produción e distribución da industria cultural.

O proceso de tramitación das consultas consiste no envío das mesmas, con identificación do seu emisor, ao enderezo electrónico [asesoria.igaem@xunta.es](mailto:asesoria.igaem@xunta.es). Trala recepción da mensaxe procederase á súa clasificación temática para a súa atención polo asesor máis axeiado dun equipo de seis colaboradores especializados. As cuestións serán contestadas, tamén vía e-mail, nun prazo medio de catro días, tempo no que, de ser necesario, se establecerá comunicación telefónica co consultante para conseguir que o servizo sexa o máis satisfactorio posible.

Esta iniciativa complementase coa información directa ás compañías das novidades máis interesantes nos distintos eidos de xestión económica, a publicación mensual no boletín **e\_scena** dos calendarios fiscais e laborais, así como a remisión de alertas sobre axudas ou liñas de financiamento subvencionado ás que se pode optar. Tamén se contempla a reprodución de listaxes das preguntas máis habituais coas súas correspondentes respostas e da lexislación básica que atinxe ao sector, aínda que estes dous últimos contidos desenvolveranse a curto prazo coa nova páxina web do IGAEM –actualmente en construción– como soporte.

A posta en marcha deste servizo de asesoramento permitirá, de xeito paralelo, o rexistro das carencias máis usuais canto á administración de empresas que acusan os profesionais, como información importante a ter en conta á hora de configurar nun futuro próximo un plan básico de accións formativas específicas no ámbito da xestión económica ■



Presentación dos acordos asinados con Xerais e Galaxia




## ASINADO UN CONTRATO COA REVISTA GALEGA DE TEATRO

O IGAEM e a Asociación Cultural Entre-Bambalinas asinaron un contrato para a edición dos catro números correspondentes a 2006 da *Revista Galega de Teatro*. O acordo, que se inscribe nos fins comúns de ambas entidades de promoción e difusión das artes escénicas, contempla unha achega de 12.000 euros por parte do IGAEM, así como a reserva para o organismo de 130 exemplares de cada novo número desta publicación especializada.

A *Revista Galega de Teatro*, dirixida por Antón Lamapereira, lanzou o seu primeiro número en 1995 e mantén desde entón unha periodicidade trimestral dedicada á divulgación e o debate sobre as artes escénicas en Galicia preferentemente, así como á reprodución de textos teatrais que ocupan os seus caderniños centrais ■

## O IGAEM PARTICIPOU NA FORMACIÓN DE MONITORES DOS CENTROS GALEGOS NO EXTERIOR


O Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais colaborou coa Secretaría Xeral de Emigración no programa Obradoiros para a Galicia Exterior 2006, para o que preparou os contidos formativos en teatro, música e danza dirixidos a



Capa do último número da R.G.T.

instrutores que traballan con colectivos vinculados cos centros galegos no exterior. O IGAEM achegou a este programa docente catro profesores para tres cursos concretos: Lola Correa para o de técnicas de teatro, José Taboada e Jesús Vaamonde para o de música tradicional (especialidade en gaita), e Belén Vázquez para o de danza e baile folclórico galego.

Máis de 140 alumnos procedentes de América, Europa e outras comunidades autónomas españolas participaron nestes cursos, que se desenvolveron do 10 ao 17 de abril en Santiago ■



## OS ESPECTÁCULOS ILLA REUNIÓN E A CABANA DE BABAIAGÁ AFRONTAN A RECTA FINAL DAS SÚAS XIRAS GALEGAS

O Centro Dramático Galego continúa compaxinando a distribución dos seus dous espectáculos en cartel, *Illa Reunión* e *A cabana de Babaïagá*, que este mes afrontan a recta final das súas respectivas xiras galegas.

No caso de *Illa Reunión*, produción dirixida por Ana Vallés, o Centro Cultural Caixanova de Vigo (5 e 6 de maio), o Teatro Principal de Ourense (días 12 e 13), o Auditorio Municipal de Ribadeo (día 26) e o Teatro Jofre de Ferrol (2 e 3 de xuño) acollerán as últimas citas co público deste espectáculo no que os límites entre o teatro, a música e a danza acaban por se diluír.

Segundo a súa propia directora, *Illa Reunión* utiliza a idea da viaxe e o mito do viaxeiro como pretexto para unha creación colectiva na que se xoga co intercambio de cometidos entre os seus 14 intérpretes, que actúan, bailan e tocan en directo distintos instrumentos. A acción desenvólvese nun espazo case espido no que destaca a iluminación, obra de Baltasar Patiño.

A *cabana de Babaïagá* ofrecerá, pola súa banda, oito novas funcións –do 2 ao 5 de maio na Fábrica de Oleiros e do 9 ao 12 no Teatro Pastor Díaz de Viveiro– dentro da súa campaña escolar, pensada para nenas e nenos de 6 a 11 anos. Dirixido e protagonizado por Paula Carballeira, o espectáculo combina a narración oral coa interpretación en directo de obras de compositores do leste de Europa para desenvolver esta historia inspirada nun conto popular ruso.

Esta produción do CDG vén de obter unha excelente resposta do público no Salón Teatro de Santiago, onde durante o mes de abril máis de 2.500 alumnas e alumnos de 32 colexios de Compostela e das comarcas lindeiras desfrutaron da historia da pequena Natasha e da bruxa Babaïagá, personaxes interpretados por Paula Carballeira. En Santiago, ademais, reserváronse as funcións dos sábados e domingos e de Semana Santa para o público xeral co obxectivo de promover o teatro como alternativa de ocio para as familias ■

## O VIOLINISTA MARK KAPLAN IMPARTIRÁ NA EAEM, OS DÍAS 30 E 31, DÚAS CLASES MAXISTRAIS ABERTAS A ALUMNOS EXTERNOS

O violinista estadounidense Mark Kaplan, un dos principais intérpretes da súa xeración, impartirá os vindeiros días 30 e 31 de maio na sede de Vista Alegre dúas clases maxistras dirixidas aos alumnos matriculados na Escola, aínda que ambas sesións están abertas a estudantes doutros centros que poderán asistir como oíntes previa comunicación ata o 24 de maio de 10 a 14 h no teléfono da EAEM (981 554 222).

Kaplan domina un amplo repertorio que abrangue desde o Barroco á música contemporánea, que toca cun stradivarius de 1685 chamado "Marquis" por pertencer á familia da marquesa Spinola durante xeracións.

Ao longo da súa traxectoria profesional, formou parte das principais orquestras de Europa e de EE.UU. –país no que actualmente imparte clases maxistras na universidade de UCLA (California)– e tocou en auditorios de Europa, Asia e Oceanía. Esta temporada actuará coa Royal Philharmonic Orchestra, coa Jerusalem Symphony Orchestra, a Orquesta Pablo Sarasate e a Malaysian Philharmonic Orchestra.

Tamén dentro do plano formativo da EAEM, do 16 ao 20 de maio, o mestre norteamericano Eric Terwilliger, trompa solista da Orquesta Filarmónica de Múnic, impartirá o Curso de Trompa no que se traballará a

técnica interpretativa e o estudo de varias obras para este instrumento. Xa en xuño, o día 20, finalizará o prazo de inscrición no V Festival de Contrabaixo Ludwig Streicher, que se desenvolverá en Compostela do 3 ao 10 de xullo.

Ao tempo, a Sección de Formación Permanente celebrará as últimas citas doutros dous cursos xa inaugurados: o III Curso de Dirección de

Grupos Instrumentais que, en colaboración coa Federación Galega de Bandas de Música Populares, está a impartir en Vilalba o mestre Vicente Egea (13 e 14 de maio) e o Curso de Composición a cargo de Antón García Abril (18 de maio e 1 de xuño), para o que acaba de abrirse, así mesmo, o prazo de inscrición correspondente á súa próxima edición bianual ■



## AS AUDICIÓNS DA ESCOLA CONGREGAN A 120 ASPIRANTES

Un total de 120 aspirantes participará os días 6, 7, 8 e 9 de maio nas audicións que celebrará en Santiago a Escola de Altos Estudos Musicais para seleccionar os alumnos que integrarán promoción 2006-2008 da Sección de Especialización.

Tralas probas, nas que os candidatos deberán interpretar perante o tribunal as pezas propostas para a especialidade musical á que opten de entre as 12 que imparte o centro (violín, viola, violonchelo, contrabaixo, óboe, frauta, clarinete, fagot, trompa, trompeta, trombón e percusión), confeccionarase unha lista co obxectivo de cubrir as prazas dispoñibles en función das posibilidades e necesidades da Escola, que cada ano mantén un mínimo de 30 alumnos activos. Os estudantes seleccionados como activos terán dereito a recibir de xeito gratuíto clases individuais, de música de cámara, de práctica orquestral, clases teóricas, maxistras e cursiños a cargo do profesorado estable ou convidado do centro.

Ademais, concederanse bolsas de axuda para sufragar gastos de desprazamento, manutención e aloxamento derivados da permanencia na Escola a aqueles alumnos que xustifiquen a súa necesidade de acordo cos criterios de adxudicación que se especifícan nas bases.

A Escola elaborará tamén unha lista de espera conformada por aqueles músicos que, sen ter obtido praza como alumnos activos, demostren un bo nivel nas audicións. Os integrantes desta lista poden ser chamados para cubrir posibles vacantes, ademais de estar convidados a participar como alumnos oíntes en todas as actividades organizadas polo centro, que deste xeito amplía o seu labor educativo ■



**Sala Yago**  
*Figuras*  
Silleda 17:00 h  
NA RÚA

**Sarabela Teatro**  
*O heroe*  
Lugo 20:30 h  
AUDITORIO MUNICIPAL  
GUSTAVO FREIRE

**Os Monicreques**  
**de Kukas** *O cantar*  
*da cantaruxa*  
Muros  
CENTRO CULTURAL E XUVENIL

04  
XOVES

**Teatro do Morcego**  
*Farsa de Bululú,*  
*homenaxe a Manuel María*  
Muros 22:00 h  
CENTRO CULTURAL E XUVENIL

**LaSal Teatro**  
*Aguaire*  
 Vigo 12:00/18:00 h  
*Auditorio Municipal*

**Santart** *As que matan o sono (a partir de Macbeth)*  
Sada 20:30 h  
CASA DA CULTURA  
PINTOR LLORÉNS

**CDG**  
*A cabana de Babaiaágá*  
Viveiro  
TEATRO PASTOR DÍAZ

**Berrobambán Teatro**  
*Buh!*  
Muros 22:00 h  
CENTRO CULTURAL E XUVENIL

**Teatro do Morcego**  
*Farsa de Bululú,*  
*homenaxe a Manuel María*  
Santiago 21:00 h  
TEATRO PRINCIPAL

**Teatro do Morcego**  
Farsa de Bululú,  
homenaxe a Manuel María  
Santiago 21:00 h  
TEATRO PRINCIPAL

**Teatro do Morcego**  
*Farsa de Bululú,*  
*homenaxe a Manuel María*  
Carballo 21:00 h  
PAZO DA CULTURA

01  
LUNS

02  
MARTES

03  
MÉRCORES

04  
XOVES

05  
VENRES

06  
SÁBADO

07  
DOMINGO

09  
MARTES

10  
MÉRCORES

**11**  
XOVES

12  
VENRES

13  
SÁBADO



**Miki Nervio & The Bluesmakers**  
As Pontes 21:00 h  
CASA DO PESO

**Mofa e Befa**  
*Cultura para dar e tomar*  
Arteixo 20:30 h  
CENTRO CÍVICO CULTURAL

**Sala Yago**  
*Merda*  
Noia 22:00 h  
TEATRO COLISEO NOELA

**Áncora Produccións**  
Final de película  
Vilagarcía 21:00 h  
AUDITORIO MUNICIPAL

**CDG**  
*Illa Reunión*  
Vigo  
CENTRO CULTURAL CAIXANOVA



**CDG**  
*Illa Reunión*  
Vigo  
CENTRO CULTURAL CAIXANOVA



**Lagarta Lagarta**  
*Carambola*  
(*Cóncavo convexo*)  
Noia 22:00 h  
TEATRO COLISEO NOELA

**Nove Dous**  
*Ondas*  
Arteixo 20:30 h  
CENTRO CÍVICO CULTURAL

**Payaso Popín**  
*O show de Popín*  
Cariño 13:00 h  
AUDITORIO MUNICIPAL

**Sarabela Teatro**  
*Rolda de Caricias*  
Muros 22:00 h  
CENTRO CULTURAL E XUVENIL

**CDG**  
*Illa Reunión*  
Ourense  
TEATRO PRINCIPAL

**Batuko Tabanka**  
*Batuko Tabanka*  
*en concerto*  
As Pontes 21:00 h  
CASA DOPESO

**Lagarta Lagarta**  
Carambola  
(Cóncono convexo)  
Vigo 22:30 h  
CENTRO CULTURAL CAIXANOVA

**Talía Teatro**  
*Esperando a Godot*  
Cee 20:30 h  
SALÓN DE ACTOS DO CONCELLO

**Sarabela Teatro**  
*O héroe*  
Cangas 22:30 h  
AUDITORIO MUNICIPAL

**CDG**  
*Illa Reunión*  
Ourense  
TEATRO PRINCIPAL

|                |                                                                                                                     |                                                                                                                         |                                                                                                                       |                                                                                               |                                                                                         |                                                                               |                                                                                        |              |
|----------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------|--------------|
| 14<br>DOMINGO  | <b>Mofa e Befa</b><br>Cultura para dar e tomar<br>San Sadurniño 19:30 h<br>CENTRO SOCIOCULTURAL                     | <b>Sarabela Teatro</b><br>O heroe<br>Betanzos 20:00 h<br>CASA DA CULTURA                                                | <b>Teatro do Aquí</b><br>A ópera de A Patacón<br>Ribadeo 20:30 h<br>AUDITORIO MUNICIPAL                               | <b>Lagarta Lagarta</b><br>Carambola<br>(Cóncavo convexo)<br>Foz 21:30 h<br>SALA BAÍA          |                                                                                         | 14<br>DOMINGO                                                                 |                                                                                        |              |
| 15<br>LUNS     | <b>Javier Muro</b><br>Magilusión<br>Cariño 13:00 h<br>AUDITORIO MUNICIPAL                                           |                                                                                                                         |                                                                                                                       |                                                                                               |                                                                                         | 15<br>LUNS                                                                    |                                                                                        |              |
| 16<br>MARTES   | <b>Teatro do Morcego</b><br>Farsa de Bululú,<br>homenaxe a Manuel María<br>Lugo 20:30 h<br>AUDITORIO GUSTAVO FREIRE | <b>Os Monicreques de Kukas</b><br>O cantar da cantaruxa<br>Burela 17:30<br>CASA DA CULTURA                              |                                                                                                                       |                                                                                               |                                                                                         | 16<br>MARTES                                                                  |                                                                                        |              |
| 17<br>MÉRCORES | <b>Xabier Díaz</b><br>Músicas de Salitre<br>Cariño 20:00 h<br>AUDITORIO MUNICIPAL                                   | <b>Volta e Dalle Teatro</b><br>Jalisia, ¡mi madriña!<br>Ponteareas 21:30 h<br>AUDITORIO MUNICIPAL<br>REVERIANO SOUTULLO |                                                                                                                       |                                                                                               |                                                                                         | 17<br>MÉRCORES                                                                |                                                                                        |              |
| 18<br>XOVES    | <b>Antonio Romarís</b><br>Por arte de maxia<br>A Estrada 11:00 h<br>TEATRO PRINCIPAL                                |                                                                                                                         |                                                                                                                       |                                                                                               |                                                                                         | 18<br>XOVES                                                                   |                                                                                        |              |
| 19<br>VENRES   | <b>Teatro de Adro</b><br>García<br>Boiro 21:00 h<br>CASA DA CULTURA                                                 | <b>Lagarta Lagarta</b><br>Carambola<br>(Cóncavo convexo)<br>Ourense 20:00 h<br>TEATRO PRINCIPAL                         |                                                                                                                       | <b>Áncora Produccións</b><br>Final de película<br>O Carballiño 22:30 h<br>AUDITORIO MUNICIPAL | <b>Xabier Díaz</b><br>Músicas de Salitre<br>As Pontes 21:00 h<br>CASA DO PESO           | <b>Teatro de Ningures</b><br>Tartufo<br>Lalín 21:30 h<br>NOVO SALÓN TEATRO    | 19<br>VENRES                                                                           |              |
| 20<br>SÁBADO   | <b>Sarabela Teatro</b><br>A gata con botas<br>Vilanova 20:00 h<br>CASA DA CULTURA DO ESTEIRO                        | <b>Lagarta Lagarta</b><br>Carambola<br>(Cóncavo convexo)<br>Ourense 20:00 h<br>TEATRO PRINCIPAL                         |                                                                                                                       | <b>Fulano, Mengano e Citano</b><br>O Faro<br>Cee 20:30 h<br>SALÓN DE ACTOS DO CONCELLO        | <b>Talía Teatro</b><br>Bicos con lingua<br>Sanxenxo 21:30<br>PAZO EMILIA PARDO BAZÁN    |                                                                               | 20<br>SÁBADO                                                                           |              |
| 21<br>DOMINGO  |                                                                                                                     | <b>Lagarta Lagarta</b><br>Carambola<br>(Cóncavo convexo)<br>San Sadurniño 19:30 h<br>CENTRO SOCIOCULTURAL               |                                                                                                                       |                                                                                               |                                                                                         |                                                                               | 21<br>DOMINGO                                                                          |              |
| 26<br>XOVES    | <b>LaSal Teatro</b><br>Aguaire<br>Boiro 20:00 h<br>CASA DA CULTURA                                                  | <b>Lagarta Lagarta</b><br>Carambola<br>(Cóncavo convexo)<br>Silleda 21:00 h<br>AUDITORIO DE BANDEIRA                    | <b>Títeres Cascanueces</b><br>O Astrólogo, María e a pócima marabillosa<br>Sada 18:00 h<br>CASA DA CULTURA P. LLORÉNS | <b>Teatro de Adro</b><br>García<br>O Barco 22:30 h<br>TEATRO MUNICIPAL<br>LAURO OLMO          | <b>CDG</b><br>Illa Reunión<br>Ribadeo<br>AUDITORIO MUNICIPAL                            | <b>Sapristi</b><br>So, sobre<br>Ames 21:00 h<br>CASA DA CULTURA DO MILLADOIRO | <b>Teatro de Ningures</b><br>Misericordia<br>Vigo 22:30 h<br>CENTRO CULTURAL CAIXANOVA | 26<br>XOVES  |
| 27<br>VENRES   | <b>Volta e Dalle Teatro</b><br>Jalisia, ¡mi madriña!<br>Vilalba 20:30 h<br>AUDITORIO CARMEN ESTÉVEZ EGUIAGARAY      | <b>Lagarta Lagarta</b><br>Carambola<br>(Cóncavo convexo)<br>Cee 20:30 h<br>SALÓN DE ACTOS DO CONCELLO                   | <b>Fulano, Mengano e Citano</b><br>O Faro<br>Ponteareas 21:30 h<br>AUDITORIO MUNICIPAL<br>REVERIANO SOUTULLO          | <b>Migallas Teatro</b><br>O carballiño enfermo<br>Vigo 12:00/18:00 h<br>AUDITORIO MUNICIPAL   | <b>Mofa e Befa</b><br>Cultura para dar e tomar<br>Cangas 22:30 h<br>AUDITORIO MUNICIPAL | <b>Os Quinquilláns</b><br>Moby Dick<br>A Estrada 18:00 h<br>TEATRO PRINCIPAL  |                                                                                        | 27<br>VENRES |

e.scena

PÁXINA 6 NÚMERO 02 MAIO 2006

Centro Dramático Galego

Rede Galega de Teatros e Auditorios



... CONVOCATORIAS IGAEM (vén da páxina anterior)

| Convocatoria                                                                                 | Contido                                                                                                                                                                                                                                       | Dirixido                                                                                                           | Data límite |
|----------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------|
| Escola de Altos Estudos Musicais: inscrición no Curso de Composición (2006-2007 / 2007-2008) | O catedrático e compositor Antón García Abril impartirá en Santiago unha nova edición deste curso bianual que se centra en aspectos relacionados coa técnica compositiva, orquestración, corrección de obras e análise musical, entre outros. | Estudantes e profesionais da música interesados en actualizar e ampliar os seus coñecementos neste ámbito musical. | 26 de xuño  |

**2. LABORAL / FISCAL / CONTABLE**

| Obxecto                                                          | Contido                                                                                                                                               | Dirixido                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            | Data límite     |
|------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------|
| Consellería de Traballo: Fomento da contratación por conta allea | Contratación de mozos/as menores de 30 anos e de colectivos desfavorecidos e con dificultades de inserción e conciliación da vida laboral e familiar. | Empresas (persoas xurídicas ou autónomos) que contraten traballadores dos colectivos subsidiados. Máis información na web <a href="http://traballo.xunta.es/index.jsp?lang=gal&amp;menu=pe0&amp;entry=pe2&amp;item=&amp;content=">http://traballo.xunta.es/index.jsp?lang=gal&amp;menu=pe0&amp;entry=pe2&amp;item=&amp;content=</a> | 15 de setembro* |
| Consellería de Traballo: Promoción do emprego autónomo           | Axudas para a creación de novas empresas: subvención financeira, axudas para investimentos e para gastos correntes.                                   | Empresas (persoas xurídicas ou autónomos) que contraten traballadores dos colectivos subsidiados. Máis información na web <a href="http://traballo.xunta.es/index.jsp?lang=gal&amp;menu=pe0&amp;entry=pe2&amp;item=&amp;content=">http://traballo.xunta.es/index.jsp?lang=gal&amp;menu=pe0&amp;entry=pe2&amp;item=&amp;content=</a> | 15 de setembro  |

\*Consultar convocatorias específicas (esta data pode variar nalgúns dos programas de incentivos incluídos baixo este epígrafe xeral)


**3. PROGRAMAS EUROPEOS**

| Convocatoria / programa | Contido                                                                                                  | Dirixido                                                                                    | Data límite     |
|-------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------|
| eTen                    | Programa sobre a estratexia comunitaria en materia de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. | Persoas xurídicas dos 25 estados membros da UE                                              | 19 de maio      |
| Xuventude               | Intercambios de xoves. / Servizo Voluntario Europeo. / Iniciativas xuvenís                               | Asociacións e organizacións xuvenís, así como entidades públicas de ámbito local e estatal. | 5 prazos anuais |

**Performance.**  
**Unha introdución crítica**

Marvin Carlson

Tradución: Manuel F. Vieites



Editorial Galaxia / Xunta de Galicia  
Colección Biblioteca de Teatro.  
Manuais, nº 7  
ISBN: 84-8288-884-6  
PVP: 23 €

Nesta panorámica sobre a performance como fenómeno artístico sempre vinculado coa vangarda e cos movementos teatrais alternativos, o autor combina a visión teórica cunha análise en profundidade da evolución histórica deste xénero e coa consideración das súas tendencias e correntes máis destacadas.

**O ritmo na dramaturxia**  
Afonso Becerra de Becerreá



Universidade da Coruña.  
Departamento de Galego-Portugués,  
Francés e Lingüística  
Colección Biblioteca-Arquivo  
Teatral Francisco Pillado Mayor,  
nº 40 (serie azul)  
ISBN: 84-9749-169-6  
PVP: 18 €

Esta obra desenvolve de forma rigorosa e útil a importancia da dimensión rítmica á hora de estudar ou de construír un texto, tratando o ritmo como materia analizable, que nace dunhas causas definidas e produce uns efectos ben concretos e mensurables.

**Estética e teatro**  
Miguel Vázquez Freire



Editorial Galaxia / Xunta de Galicia  
Colección Biblioteca de Teatro.  
Breviarios, nº 6  
ISBN: 84-8288-881-1  
PVP: 10,50 €

A interacción entre estética e teatro deu lugar, ao longo da historia, a un amplo abano de reflexións e realizacións prácticas, das que derivan os diferentes estilos escénicos. De Aristóteles ás últimas vangardas do século XX, esta relación frutífera é o obxecto do estudo de Miguel Vázquez Freire sobre os principios básicos da estética teatral.



## COMPAÑÍAS

A partir deste número, **e-scena** presenta a nova sección *A Rede en cifras*, na que se recollen os cómputos de asistencia aos espectáculos programados dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios. Os cadros refírense aos datos rexistrados entre xaneiro e marzo de 2006, clasificados tanto por concellos e entidades membros como por compañías participantes. Reprodúcen, para os dous casos, as medias aritméticas de espectadores e de facturación por cada función. Tamén se informa do número total de funcións e de asistentes, do importe facturado e da cifra media de ocupación para todo o período ■

|                                   | Funcións | Espectadores/<br>función | Facturación/<br>función |
|-----------------------------------|----------|--------------------------|-------------------------|
| A Factoría Teatro                 | 5        | 185,40                   | 534,10                  |
| Abe Rábade Jazz                   | 1        | 46,00                    | 105,00                  |
| Áncora Producións                 | 3        | 107,33                   | 544,33                  |
| Artello - Teatro Alla Scala 1:5   | 5        | 237,20                   | 384,90                  |
| Art-monium                        | 1        | 174,00                   | 834,00                  |
| Berrobambán Teatro                | 1        | 457,00                   | 1772,00                 |
| Bucanero & Eme2 Producións        | 1        | 53,00                    | 102,00                  |
| Caramuxo Teatro                   | 5        | 258,80                   | 331,30                  |
| Casahamlet                        | 1        | 41,00                    | 194,00                  |
| Chrystian Magic                   | 2        | 215,50                   | 240,50                  |
| Compañía Cuarta Pared             | 2        | 206,50                   | 913,40                  |
| Creacións Máxicas                 | 2        | 314,50                   | 848,00                  |
| Estibaliz Espinosa e Rupert Twine | 1        | 33,00                    | 34,50                   |
| Fulano, Mengano e Citano          | 5        | 205,00                   | 839,90                  |
| Javier Muro                       | 1        | 300,00                   | 185,00                  |
| La Zaranda                        | 1        | 380,00                   | 1050,00                 |
| Lagarta Lagarta                   | 10       | 197,30                   | 674,52                  |
| Los Fígaros                       | 1        | 260,00                   | 0,00                    |
| Magüi Mira                        | 1        | 84,00                    | 413,00                  |
| Máscara Producións                | 2        | 67,50                    | 187,50                  |
| Migallas Teatro                   | 3        | 225,33                   | 219,53                  |
| Nova Galega de Danza II           | 2        | 301,50                   | 3765,20                 |
| Nove Dous                         | 2        | 52,50                    | 48,00                   |
| O mago Teto                       | 1        | 227,00                   | 272,40                  |
| Os Monicreques de Kukas           | 1        | 220,00                   | 270,00                  |
| Os Sete Magníficos máis un        | 1        | 87,00                    | 205,00                  |
| Pablo Nojes e Páprika             | 1        | 93,00                    | 85,00                   |
| Payaso Popín                      | 1        | 250,00                   | 0,00                    |
| R. T. A.                          | 11       | 401,18                   | 2560,33                 |

## COMPAÑÍAS

|                         |            |               |               |
|-------------------------|------------|---------------|---------------|
| Sala Yago               | 4          | 104,75        | 64,00         |
| San & San               | 4          | 70,50         | 239,53        |
| Santart                 | 4          | 76,25         | 89,75         |
| Sapristi                | 6          | 103,50        | 279,67        |
| Sarabela Teatro         | 16         | 173,56        | 390,76        |
| Sexteto de corda no mar | 1          | 135,00        | 0,00          |
| Talia Teatro            | 3          | 114,67        | 395,60        |
| Teatro Buratini         | 5          | 63,20         | 54,80         |
| Teatro Cachuzo          | 1          | 126,00        | 0,00          |
| Teatro de Adro          | 1          | 71,00         | 55,00         |
| Teatro de Ningures      | 4          | 92,00         | 246,75        |
| Teatro del Andamio      | 2          | 151,00        | 36,00         |
| Teatro do Aquí          | 4          | 206,00        | 417,00        |
| Teatro do Atlántico     | 4          | 94,25         | 254,70        |
| Teatro do Morcego       | 4          | 98,00         | 303,70        |
| Teatro do Noroeste      | 3          | 91,67         | 374,00        |
| Teatro dos Tirinautas   | 2          | 141,00        | 99,70         |
| Teatro Galileo          | 4          | 216,50        | 416,13        |
| The Pinga Teatro        | 3          | 146,33        | 475,00        |
| Títeres Cachirulo       | 3          | 88,33         | 148,33        |
| Viravolta Títeres       | 1          | 90,00         | 0,00          |
| Volta e Dalle Teatro    | 1          | 156,00        | 312,00        |
| Xirriquiteula Teatre    | 2          | 110,00        | 0,00          |
| <b>TOTAL</b>            | <b>156</b> | <b>173,65</b> | <b>553,37</b> |

## CONCELLOS E ENTIDADES

|           | Funcións | Espectadores/<br>función | Facturación/<br>función |
|-----------|----------|--------------------------|-------------------------|
| A Coruña  | 6        | 153,83                   | 1.604,23                |
| A Estrada | 1        | 380,00                   | 1.050,00                |
| Ames      | 3        | 87,67                    | 148,00                  |
| Arteixo   | 4        | 165,75                   | 116,70                  |
| Betanzos  | 2        | 187,50                   | 375,00                  |
| Boiro     | 3        | 181,67                   | 110,33                  |
| Burela    | 1        | 148,00                   | 47,00                   |
| Cambados  | 5        | 219,20                   | 262,80                  |
| Cangas    | 2        | 144,50                   | 456,00                  |
| Carballo  | 3        | 229,33                   | 102,50                  |
| Cariño    | 1        | 135,00                   | 0,00                    |
| Cedeira   | 3        | 51,67                    | 120,67                  |
| Cee       | 2        | 137,00                   | 133,00                  |
| Culleredo | 3        | 152,67                   | 0,00                    |
| Ferrol    | 6        | 170,17                   | 1.161,67                |
| Foz       | 4        | 63,75                    | 0,00                    |
| Gondomar  | 2        | 67,50                    | 103,50                  |

## CONCELLOS E ENTIDADES

|                        |            |               |               |
|------------------------|------------|---------------|---------------|
| Lalín                  | 3          | 152,33        | 34,67         |
| Lugo                   | 2          | 169,50        | 633,50        |
| Monforte de Lemos      | 3          | 245,00        | 654,00        |
| Muros                  | 3          | 93,33         | 185,00        |
| Narón                  | 10         | 237,00        | 1.172,48      |
| Oleiros                | 6          | 170,17        | 423,75        |
| Ortigueira             | 2          | 125,50        | 50,40         |
| Ourense                | 7          | 139,86        | 978,14        |
| Pontevedra             | 10         | 317,30        | 579,50        |
| Redondela              | 6          | 201,17        | 948,50        |
| Ribadeo                | 4          | 104,25        | 365,00        |
| Sada                   | 2          | 186,50        | 0,00          |
| San Sadurniño          | 3          | 87,67         | 32,00         |
| Santiago de Compostela | 9          | 230,78        | 974,83        |
| Sanxenxo               | 3          | 110,33        | 213,33        |
| Silleda                | 1          | 260,00        | 0,00          |
| Tui                    | 1          | 500,00        | 3.330,00      |
| Vigo                   | 15         | 79,13         | 176,20        |
| VIGO (CAIXANOVA)       | 4          | 388,00        | 1.758,63      |
| Vilagarcía de Arousa   | 5          | 105,20        | 113,40        |
| Vilalba                | 3          | 162,67        | 123,40        |
| Vilanova de Arousa     | 1          | 59,00         | 0,00          |
| Viveiro                | 2          | 220,50        | 885,00        |
| <b>TOTAL</b>           | <b>156</b> | <b>173,65</b> | <b>553,37</b> |

## TOTAIS

|                  |                  |
|------------------|------------------|
| <b>FUNCÍONS</b>  | <b>156</b>       |
| <b>PÚBLICO</b>   | <b>27.089</b>    |
| <b>OCUPACIÓN</b> | <b>49,01%</b>    |
| <b>FACTURADO</b> | <b>86.326,00</b> |

